

# XXVII



## Premio edebé de Literatura Infantil e Xuvenil



Convidamos a todos os escritores e escritoras a participar no **XXVII Premio edebé de Literatura Infantil e Xuvenil**, un acontecemento anual que reúne as obras de maior calidade literaria para os nenos e os mozos.

Contos fantásticos, narracións enxeñosas, historias excitantes ou apaixonantes relatos que fagan soñar os lectores máis novos.

### Participa coa túa obra.

#### Porque todos levamos un premio dentro.

Establécense dúas modalidades de premio: modalidade infantil, para obras de narrativa dirixidas a lectores de 7 a 12 anos, dotada con 25.000 euros, e modalidade xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 13 anos, dotada con 30.000 euros. O feito de participar nunha modalidade exclúe a posibilidade de facelo na outra.

A concesión do premio nas súas dúas modalidades leva incluída a edición nas diversas linguas do Estado español –por parte de Edebé– das obras premiadas. O importe do premio computarase á conta dos dereitos de autor segundo o contrato habitual de Edebé.

A editorial Edebé terá unha opción preferente para a adquisición dos dereitos, en todas as linguas do Estado español, das obras que o xurado considere con interese para publicar e que non obtivesen o premio nalgunha modalidade.

As obras deberán ser orixinais totalmente inéditos, de tema libre e escritos en castelán ou en calquera das linguas do Estado. O xénero literario debe ser novela. Remítranse dúas copias encadernadas e unha copia en soporte informático a este enderezo: Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil. Editorial Edebé, Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona. Deberase especificar claramente a que modalidade do premio se presenta.

A extensión das obras abranguerá desde un mínimo de 20 páxinas a un máximo de 80 para a modalidade infantil, e de 80 a 200 para a xuvenil. Os traballos presentaranse mecanografados a dobre espazo e escritos por unha soa cara en follas de papel de tamaño DIN-A4.

Os orixinais enviaranse nunha plica. As plicas deben incluír o nome, o enderezo, o correo electrónico e mais o teléfono do autor, así como a súa declaración de aceptación das Bases. O xurado procederá á apertura das plicas despois de emitir o ditame do premio nas dúas modalidades.

Cada concursante poderá enviar todos os orixinais da súa propia autoría que desexe para unha soa modalidade. O feito de participar implica o compromiso de non optar a outros premios coas obras que se presentadan a este concurso, así como a ausencia de compromisos editoriais, previos ou simultáneos, sobre as devanditas obras.

O prazo de admisión dos orixinais rematará o 15 de setembro do 2018. Non se poderán presentar ao concurso nin o persoal do grupo Edebé nin os gañadores da edición anterior.

O xurado será nomeado por Edebé e estará formado por especialistas en literatura e en educación. A súa composición farase pública no momento de publicar o ditame do premio. O xurado emitirá un veredito inapelable. Este veredito darase a coñecer a finais de xaneiro do 2019 durante un acto que se convocará para esta fin.

Os orixinais non-premiados serán destruídos dentro dos catro meses seguintes á adxudicación do premio. A editorial non responde, en ningún caso, polo extravío ou pola perda dalgún orixinal.

A participación no Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil implica a plena conformidade e a aceptación destas bases.

[www.edebe.com](http://www.edebe.com)